

Azúmara, A

Arciprestado constituído en 1855, ó creárense os modernos arciprestados nos que se estruturou o espazo diocesano, e sucesor dun anterior arcediagado de seu mesmo nome. Tivo continuidade como demarcación da diocese ó longo do século XX e extinguiuse en 2006, coa reforma territorial promovida polo bispo Sánchez Monge.

Constaba de 24 parroquias no ano 1960, pertencentes os concellos de Castro de Rei, A Pastoriza, Pol e Cospeito. En 1988 as freguesías que o formaban ascenderon a 38, sumándose ás anteriores novas parroquias procedentes dos municipios da Pastoriza e Abadín.